

Os socialistas de Antas de Ulla instan ao Goberno local a poñer en marcha un plan para evitar problemas de malnutrición infantil

Dado que a falta de ingresos nalgúns fogares do municipio está a provocar que moitas familias teñan que acabar recortando en necesidades básicas como a comida, solicitarán que o concello garanta o acceso dos menores, polo menos, a tres comidas diarias

Pedirán que a entidade local habilite servizos de comedor infantil nos centros escolares e todos os medios dos que dispoñen as administracións públicas, en colaboración coas entidades do terceiro sector, co fin de “non deixar de lado ás familias que se atopan nesta trágica circunstancia”

ANTAS DE ULLA, 23 DE XUÑO DE 2014.- O grupo municipal socialista de Antas de Ulla instará, no Pleno que a Corporación celebrará o vindeiro mes, ao Goberno municipal a poñer en marcha, de maneira inmediata, un *Plan de Apoio á Alimentación Infantil* que conteña as medidas e recursos suficientes para garantir ás familias do municipio con menores ao seu cargo, o acceso, polo menos, a tres comidas diarias. Neste senso, pedirán que o concello habilite servizos de comedor infantil nos centros escolares e todos os medios dos que dispoñen as administracións públicas, en colaboración coas entidades do terceiro sector, para evitar posibles problemas de malnutrición infantil.

A Enquisa de Condicións de Vida correspondente a 2013, que publica o Instituto Nacional de Estatística, indica que un de cada tres cidadáns (o 27,3%) está en risco de pobreza ou exclusión social. As cifras de privación material severa, de baixa intensidade de emprego nos fogares e de pobreza relativa, tamén empeoraron.

Deste xeito, os efectos da pobreza infantil son altamente prexudiciais e relaciónanse con problemas de saúde na idade adulta. O impacto da mala nutrición ou a falla de estímulos educativos en idades temperás pode ter consecuencias de difícil e custoso arranxo, comprometendo non só o futuro deses nenos e nenas, senón o de todos, diminuindo a capacidade económica e produtiva do país.

Así, a falta de ingresos nalgúns fogares de Antas de Ulla xa está a provocar que moitas familias teñan que acabar recortando en necesidades básicas como a comida. O déficit alimentario afecta ao desenvolvemento destes menores, pero os servizos de comedores escolares permitiron mitigar esta realidade durante o curso escolar. Non vai acontecer así nos meses de verán; época na que “os nenos e nenas, que se atopan nesta grave situación, se quedan totalmente desprotexidos e desamparados ao pechar o centro educativo e, por tanto, o servizo de comedor”. É por este motivo, subliña a voceira do PSOE, que “levamos este asunto ao Pleno, agardando que o concello non deixe de lado ás familias do municipio que se atopan nesta trágica circunstancia”.